

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 24 DE SETEMBRO DE 2015.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Gonzalo Concheiro Coello

Concelleiros:

- Dna. Maria Jesús Novo Gomez
- D. Elisardo Montero Castro
- D. Rogelio Sueiro Carro
- D. Luís Rico Vereá
- D. José Balado Casal
- Dna. Ana Ledo Fernández
- Dna. Sandra Sánchez Íñiguez
- D. Abelardo Seoane Vázquez
- D. José Luís Rivas Cruz
- Dna. Raquel Val Vázquez

Secretaria-Interventora:

Dna. Carmen Gómez Otero

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:00 horas do día vinte e catro de setembro de dous mil quince, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia do alcalde D. Gonzalo Concheiro Coello.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dna Carmen Gómez Otero.

De seguido o alcalde abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecida polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión extraordinaria do Pleno da Corporación do día 08/09/2015, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde-Presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma.

O membro do grupo municipal BNG, D.Xose Luis Rivas Cruz quere aclarar que en relación a acta do día 08/09/2015, hai que facer unha serie de correccións. No primeiro punto, denominado “Ditame aprobación Ordenanza outorgamento axudas á creación de emprego”, hai que engadir que “... É un incentivo que non funciona, o que xustifica o meu voto en contra...”. Continúa en relación coa acta explicando que o que quixo dicir no punto nove, denominado “Proposta da Alcaldía sobre retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros das Corporacións”, cando fala da terceira negación, e que “... Nas conversas co PP e co PSOE, nós sabiamos que este soldo ía a ser real, porque xa se nos anunciou, e o PP negou que se nos dixera, e negouno tres veces...”. Asemade, o concelleiro do grupo municipal BNG quere aclarar que no punto doce, denominado “Proposta da alcaldía designación dun Concello para que nos represente no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de A Coruña”, quere corrixir a frase “...é unha cuestión de goberno...”, por “... é unha cuestión de afinidade...”.

A concelleira do grupo municipal BNG, Dona Raquel Val Vázquez, quere aclarar que no punto primeiro, denominado “Ditame aprobación Ordenanza outorgamento axudas á creación de emprego”, foi ela e non o concelleiro do grupo municipal BNG, D.Xose Luis Rivas, a que se referiu a que “...esta Ordenanza é un copia e pega da anterior...”.

A continuación intervéñ a concelleira do grupo municipal PSDG-PSOE, Dona Ana Ledo Fernández, para aclarar o sentido do voto do punto sete, denominado “ Proposta da Alcaldía creación e composición da Comisión Informativa permanente Especial de Contas”, debido a que dous dos concelleiros/as do grupo municipal do PSDG-PSOE votaron a favor, e unha concelleira do grupo municipal PSDG-PSOE en contra, non obtendo o acordo en consecuencia tres votos a favor, senón só dous. Polo que tense que corrixir na acta o voto neste senso “... Sen máis intervencións, con oito votos a favor (en lugar de nove), cinco do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, e dous do grupo municipal PSDG-PSOE (en lugar de tres), por maioría o Pleno ACORDOU...”

Non son formuladas observacións polo grupo municipal do PP nin polo membro non adscrito, polo que o Pleno municipal por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar coas consideracións anteriores a acta da sesión extraordinaria do Pleno da Corporación de data 08/09/2015.

2.- DITAME PARA APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE MC Nº 12/2015 SUBEXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 3/2015

Pola secretaria dáse lectura ao ditame da comisión informativa permanente especial de contas de data 21/09/2015 relacionado con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente:

<<...Sen máis intervencións, con catro votos a favor, o da Alcaldía, un voto a favor do membro non adscrito, un voto a favor da concelleira do grupo municipal PSdG-PSOE, e un voto a favor do concelleiro do BNG, a CIPEC ditaminou por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a modificación vía suplemento de crédito tal e como segue:

Na partida 136.N2.63300 importe 1.599,21 €uros para facer fronte ao IVE de adquisición de maquinaria servizo de prevención e extinción de incendios.

Na partida 136.N2.22799 importe para poder xustificar os traballos de prevención de incendios mecanizados máis o IVE que non é subvencionable.

Financiando este suplemento con baixa por anulación nas partidas 241.62200 de adquisición de cámara agraria por importe de 1.599,21 €uros e 912.10000 órganos de goberno retribucións básicas por importe de 17.800 €uros.

Segundo.- Considerar este gasto específico e determinado que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

Terceiro.- Informar que non existe, no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2015, crédito para estes gastos no capítulo 6 por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

Cuarto. - Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública tramitando o mesmo tempo a modificación do anexo de inversións.>>

Sen máis intervencións por unanimidade con once votos a favor; o pleno **ACORDOU**:

Primeiro.- Aprobar a modificación vía suplemento de crédito tal e como segue:

Na partida 136.N2.63300 importe 1.599,21 €uros para facer fronte ao IVE de adquisición de maquinaria servizo de prevención e extinción de incendios.

Na partida 136.N2.22799 importe para poder xustificar os traballos de prevención de incendios mecanizados máis o IVE que non é subvencionable.

Financiando este suplemento con baixa por anulación nas partidas 241.62200 de adquisición de cámara agraria por importe de 1.599,21 €uros e 912.10000 órganos de goberno retribucións básicas por importe de 17.800 €uros.

Segundo.- Considerar este gasto específico e determinado que non se pode demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

Terceiro.- Informar que non existe, no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2015, crédito para estes gastos no capítulo 6 por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

Cuarto. - Tramitar o expediente axustándose os preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose o acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo, durante o prazo de exposición pública tramitando o mesmo tempo a modificación do anexo de inversións.

3.- DITAME PARA APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE MC Nº 13/2015 SUBEXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2015

Pola Secretaria dase lectura ao ditame da Comisión informativa permanente especial de contas de data 21/09/2015 relacionado con este punto da orde do día que a continuación se transcribe literalmente:

“... Sen máis intervencións, con tres votos a favor (o da Alcaldía, un voto a favor do membro non adscrito e un voto a favor da concelleira do grupo municipal PSDG-PSOE), e unha abstención do concelleiro do BNG a CIPEC ditaminou o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar a modificación, vía crédito extraordinario financiado con BAIXAS POR ANULACIÓN tal e como segue:

Creación da partida 326.N6.62200 Servizos complementarios de educación edificios 16.205,55 €uros.

A financiar con baixa por anulación na partida 920.63500 2.331,66€, na partida 920.62600 2.300,00€, na partida 241.62200 9.011,57€ e na partida 326.62700 2.562,32€.

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e non se poden demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

Terceiro.- Informar que non existe, no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2015, crédito para estes gastos no capítulo 6 por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose ó acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública”

Sen máis intervencións con nove votos a favor (cinco votos dos concelleiros/as do grupo municipal PP, un voto do membro non adscrito e tres votos dos concelleiros/as do grupo municipal do PP), e dúas abstencións dos concelleiros do grupo municipal BNG, o pleno **ACORDOU**:

Primeiro.- Aprobar a modificación, vía crédito extraordinario financiado con BAIXAS POR ANULACIÓN tal e como segue:

Creación da partida 326.N6.62200 Servizos complementarios de educación edificios 16.205,55 Euros.

A financiar con baixa por anulación na partida 920.63500 2.331,66€, na partida 920.62600 2.300,00€, na partida 241.62200 9.011,57€ e na partida 326.62700 2.562,32€.

Segundo.- Considerar estes gastos específicos e determinados e non se poden demorar na súa aprobación a exercicios posteriores.

Terceiro.- Informar que non existe, no estado de gastos do actual Orzamento municipal do exercicio 2015, crédito para estes gastos no capítulo 6 por estar as partidas vinculadas cuantitativa e cualitativamente en si mesmas no capítulo 6.

Cuarto.- Tramitar o expediente axustándose ós preceptos legais aplicables vixentes, 177 do TRLRFL, e o artigo 38 do RD 500/90, do 20 de abril, considerándose ó acordo de aprobación inicial polo Pleno como definitivo, de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o prazo de exposición pública.

4.- PROPOSTA APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2014

Pola Secretaría dáse lectura íntegra á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se transcribe literalmente:

PROPOSTA APROBACIÓN CONTA XERAL EXERCICIO 2014

Visto que na Comisión Informativa Permanente Especial de Contas de data 10/08/2015, en cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, procedeuse pola Comisión Permanente Especial de Contas ó exame da Conta Xeral do Orzamento da anualidade 2014 para o que tivo á vista dita Conta cos documentos correspondentes.

Examinados ditos documentos e resultando que confrontada a referida Conta Xeral co Orzamento, cos acordos de modificación do Estado de Gastos a liquidación do orzamento, mandamentos de pago e ingreso, acta de arqueo ó final do exercicio, a Comisión estimou que quedou debidamente xustificada dita Conta.

Entendendo procedente a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2014, non obstante, o cal previa exposición ó público, o Pleno do Concello co seu superior criterio acordará o que estime conveniente.

Exposta ó público a referida Conta Xeral municipal correspondente ó exercicio 2014 durante quince días e oito máis, non constandingo, reclamacións nen observacións presentadas por interesados, solicito que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2014 do Concello de Boimorto.

SEGUNDO.- Render a Conta Xeral do exercicio 2014 ante o Tribunal de Contas

En Boimorto 21 de setembro de 2015

O alcalde:

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello>>

Sen máis intervencións, por unanimidade (once votos a favor), o Pleno **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2014 do Concello de Boimorto.

SEGUNDO.- Render a Conta Xeral do exercicio 2014 ante o Tribunal de Contas.

5.- DACIÓN DE CONTA DECRETO ALCALDÍA 478/2015

Pola Secretaria dáse lectura ao decreto da Alcaldía nº 478/2015 relacionado con este punto da orde do día:

(...)

Decreto: 478 / 2015

Data decreto: 16/09/2015

Descrición decreto: Delegación de sinatura.

DON GONZALO CONCHEIRO COELLO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

De conformidade coas atribucións que me confiren os artigos 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 61.3 da Lei 5/1997 da administración local de Galicia e artigos 43.3 e 44 do RD 2568/1986 e demais normativa concordante **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Delegar na concelleira e primeira tenente de alcalde María Jesús Novo Gómez asinatura e xestión nas materias da área de servizos sociais (Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto, Axuda a domicilio, Punto de atención á infancia), así como a delegación de sinatura de certificados de empadramento.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución á concelleira a prol da cal se efectúa a presente delegación e publicar a mesma no Boletín Oficial da Provincia. O que se fai público para xeral coñecemento.

Boimorto dezaseis de setembro de dous mil quince

Perante min:

O Alcalde

A secretaria

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello
(...)"

Asdo.- Carmen Gómez Otero

Intervén o Sr. Alcalde para explicar que trátase dunha reestruturación do Goberno da Alcaldía en aras a un mellor funcionamento, para prestar un servizo no Concello máis eficiente e eficaz.

Intervén a concelleira do grupo municipal PSdG-PSOE, Dona Sandra Sánchez Íñiguez para preguntar o seguinte “ En Servizos Sociais se refire a Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto, Axuda a domicilio e Punto de atención á infancia, ¿Engloba algo máis?

Intervén o concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José Luis Rivas Cruz para expresar que “... Nós non entendemos esa duplicidade, non entendemos nada, de feito creemos que é unha maneira de entrenala como alcaldesa, xa que non vos atrevéstedes a poñela como cabeza de lista...”.

Intervén a concelleira do grupo municipal PSdG-PSOE, Dona Ana Ledo Fernández para afirmar que “... Vemos que se nos fixo caso, que co soldo vai a responsabilidade, nembargante, estamos en contra de ese cargo a dedo e do soldo que o acompaña...”.

6.- PROPOSTA APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA

Pola Secretaria dáse conta da Moción presentada polo grupo municipal do BNG, por rexistro de entrada de data 18-09-2015, que se reproduce literalmente a continuación:

MOCIÓN DE APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA

Estamos a vivir, xusto ás portas de Europa e no propio continente, unha crise humanitaria sen precedentes desde a II Guerra Mundial. A magnitude da traxedia debe impelir unha actuación urxente da Unión Europea e da comunidade internacional, para derrubar novos muros que deixen do lado de fóra a miseria e a dor provocada por eles propios.

En efecto, a dimensión que está a alcanzar a actual crise de persoas refuxiadas e migrantes ten a súa orixe na rapina imperialista comandada polos Estados Unidos (EUA). Os EUA e os seus aliados europeos non dubidaron en levar a guerra, a morte, a destrución e a miseria a diversos países con tal de alcanzar os seus obxectivos xeoestratéxicos e espoliar os seus recursos naturais, particularmente o petróleo.

Primeiro foi o Afganistán, o Iraq, despois Libia. Agora é a Siria o albo do imperialismo. Os EUA, co inestimábel apoio de Israel e a colaboración de diversos estados europeos, organizaron, armaron e alentaron o terrorismo na Siria, incluído o chamado Estado Islámico, que agora sinalan como principal inimigo e utilizan como máis un pretexto para a súa política intervencionista na zona. Cando non, como no caso da Turquía, como punta de lanza contra o movemento de liberación nacional do Curdistán.

As vítimas desta deshumana política imperialista son as poboacións civís destes Países. É o pobo de Iraq, de Afganistán, de Libia, de Siria, do Curdistán, tamén de Palestina. Non pode sorprender, por tanto, a vaga inmensa de persoas refuxiadas -fundamentalmente sirias- que escapan da guerra e de migrantes que foxen da miseria xerada igualmente pola rapina neocolonial no Oriente Próximo e en África, coa inestimábel colaboración das elites locais.

Tamén non sorprende, infelizmente, a resposta da Europa capitalista. A grande preocupación desa Unión Europea ao servizo da oligarquía non é resolver o drama humano nin os problemas sociais, económicos ou políticos que están na súa xénese. A preocupación principal é blindarse para deixalos fóra. Utilízase o Mediterráneo como un grande foxo para defender o castelo europeo sen se preocupar, na realidade e para alén dos lamentos de rigor, cos millares de persoas mortas cada ano tentando cruzalo en condicións infrahumanas. Agora, fronte á vaga de persoas refuxiadas, levántanse novos muros. Hungría vén de fechar con rolos de arame farpado 175 quilómetros da súa fronteira con Serbia para impedir a entrada de persoas refuxiadas e migrantes. No entanto, non será esta tipo de medidas as que freen o problema.

Un dos exemplos máis evidentes do desinterese inicial da UE por resolver esta dramática situación está o facto de, após de máis dunha semana de crise humanitaria, deciden o 30 de agosto convocar unha reunión de urxencia do Consello de Ministros de Interior para o día 14 de setembro. Entre tanto, millares de persoas refuxiadas continúan a se agolpar en condicións penosas nas fronteiras ou achan a morte no Mediterráneo. Máis unha vez o capitalismo non ten alma, ten apenas carteira.

No entanto, este drama que parece deixar indiferentes os gobernos europeos, atinxe directamente a conciencia dos pobos. A xente, institucións de todo tipo e o nacionalismo galego, desde a súa consubstancial praxe internacionalista, sente como propio o drama humano, social e político que representa esta crise e por iso non podemos ficar indiferentes nin pasivos. O Bloque Nacionalista Galego (BNG) esixe da Unión Europea mudar de forma radical e urxente as políticas de blindaxe por outras de axuda e acollida digna ás persoas refuxiadas e migrantes.

Aliás, o BNG quere denunciar abertamente as políticas imperialistas e de intervención militar que están detrás desta situación e defende:

Poñer fin á intervención occidental na Siria en apoio dos chamados rebeldes e promover activamente a fin do conflito militar.

A retirada de todas as forzas militares norteamericanas e estranxeiras dos países de Oriente próximo e norte de África.

Respecto á soberanía dos pobos e de resolución política dos conflitos.

Unha política de paz, solidariedade e cooperación entre todos os pobos.

O dereito do pobo Curdo á liberdade e á soberanía e o respecto dese dereito por parte de todos os Estados actualmente ocupantes do Curdistán.

O dereito do pobo palestino á paz e á liberdade no seu propio Estado independente.

A solidariedade internacionalista e a acción antiimperialista en toda a Europa e en todo o mundo.

Consecuentemente, diante da traxedia que están a vivir as persoas refuxiadas e migrantes, solicitamos do pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado que asuma as súas responsabilidades con urxencia na crise humanitaria que están vivindo as persoas refuxiadas e migrantes en Europa e na contorna do Mediterráneo e que promova, no marco das institucións europeas, un xiro nas políticas de asilo e de cooperación cos países empobrecidos e tamén demandar que rompa co coñecido coma Protocolo de Dublín.

2.- Así mesmo, instar á Xunta de Galicia a que asuma as súas responsabilidades e participe facilitando os recursos e servizos necesarios para a acollida temporal de persoas refuxiadas en Galicia.

3.- Iniciar contactos coa FEGAMP e organizacións non gobernamentais que están a traballar sobre esta problemática en Galicia para impulsar a creación dunha rede galega de concellos de acollida, que permita recoller a iniciativa cidadá e darlle apoio e organización e ofrecer soporte técnico.

4.- Impulsar no seo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade o establecemento de liñas de traballo e de axudas en colaboración cos concellos para facilitar o acollemento de persoas refuxiadas.

5.- Xestionar a mobilización e disposición de créditos orzamentarios para axudar as persoas refuxiadas ou migrantes asentadas no noso concello.

6.- Xestionar a acollida temporal no noso concello dalgunha familia refuxiada da guerra facilitándolles vivenda e medios para vivir.

7.- Trasladar este acordo ao presidente do goberno do Estado e da Xunta de Galiza.

Boimorto, 18 de setembro de 2.015

Intervén o concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José Luis Rivas Cruz para explicar que “ (...) é unha moción que presenta o BNG visto o lamentable espectáculo que se está desenrolando en Europa. Dende o grupo do BNG queremos facer constar unha política de esquilma. Isto é a parte de fora dun iceberg que minte. Os miserables e mortos de fame teñen que quedar alí, non lles queda outro remedio. Nós estamos vivindo moi cómodamente. O protocolo de Dublin permite que os países periféricos ao país que busca asilo, que se opoñan como podan a ese refuxio. Isto resulta similar ao que me contaron dos campos de concentración nazi. Por iso esta situación se debe levar ás altas instancias, e insto a este Concello para que faga algo pola xente, que de unha vez se poña coto a esta marea de sangue (...)”.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir “(...) Estamos de acordo coa moción. O protocolo de Dublin está obsoleto. Gustaríame dicir que o Goberno Central traballa dende hai meses na xestión desta crise. Asemade a Xunta está dando os pasos necesarios para dar resposta. Sería importante que, a través da FEGAMP, o Concello crease un rexistro de familias dispostas a colaborar. A xunta ten xa dispoñibles unha liña de axudas.

Intervén o concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José Luis Rivas Cruz, para sinalar que “ Temos tres tipos de vivendas desocupadas destinadas a Escolas Unitarias que servirían”.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que “ Paréceme ben o das escolas unitarias, haberá que ver en qué estado se atopan”.

<< Sen máis intervencións, con once votos a favor, o Pleno aproba a moción por unanimidade”.

7.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA

Pola Secretaría recórdase que os Concelleiros teñen á súa disposición os Decretos da Alcaldía.

Intervén o concelleiro do grupo municipal BNG para solicitar que os decretos se pasen a través dun pen drive.

O Sr. Alcalde non ve inconveniente á petición.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Alcalde dálle a palabra solicitada polo concelleiro do grupo mixto D. Xosé Luís Rivas que solicita a presentación dunha Moción de urxencia en relación ao uso do remanente líquido de tesourería. O Alcalde accede á exposición e votación da moción de urxencia.

O concelleiro do grupo municipal do BNG Don José Luis Rivas Cruz expón que “ O BNG entende que estamos nunha situación que non nos permite ter ao Concello gobernando como debería ser sen poder acceder a tódalas subvencións.

O Alcalde intervén “ Estou completamente de acordo pero trátase dunha lei de obrigado cumprimento”.

O concelleiro do grupo municipal do BNG Don José Luis Rivas Cruz afirma que “ Haberá que montar un escándalo, eu no teu lugar gastaría todo o remanente e incumpliría a norma”. O Alcalde procede a reiterar que non quere incumplir.

O concelleiro do grupo municipal do BNG Don José Luis Rivas Cruz propón que “ Non se trata de incumplir, sería un acordo plenario que posibilitase o uso do remanente, é unha petición, é unha plasmación suave do acordo do outro día.”

<< Sen máis intervencións con cinco votos a favor, tres do PSDG-PSOE, dous do BNG, e seis abstencións, cinco do PP e unha do membro non adscrito, o Pleno acorda aprobar a moción de urxencia>>

A continuación o Sr. Alcalde apertura a quenda dos rogos e preguntas e dálle a palabra solicitada polo concelleiro do grupo municipal BNG, D. Xosé Luís Rivas Cruz que formula as seguintes preguntas:

“En relación ao problema leiteiro ¿ Por qué non se ofreceu un autobús o día 10? ¿Cómo se senten despois de contribuir a destrozar a mobilización do sector?¿ Creen que como equipo de goberno dun Concello gandeiro non teñen nada que dicir á fraude do documento asinado onte en Madrid? Esiximos declaración pública de qué lado están.”

O concelleiro do grupo municipal BNG, D. Xosé Luís Rivas Cruz afirma que “Unha vez máis o sector síntese reventado. A dereita deste país protexe aos distribuidores e ás fábricas”.

En relación ao Festival de la Luz. Intervén o concelleiro do grupo municipal BNG, D. Xosé Luís Rivas Cruz para dicir “Rogaríase que esta Corporación se tome en serio el Festival de la Luz. É un negocio redondo por parte duns cuantos pillastres que están a facer negocio. Eu me pregunto ¿ Se a cicloxénesis houbera chegado días antes fixéstedes un seguro de continxencia meteorolóxica ou de cancelación? Hai que asesorarse con xente decente e non deixarse levar polas bambalinas e a farándula. A secretaria dixo que quería as contas claras ¿Pódese meter un Concello a un gasto semellante? ¿Saben en realidade cómo se goberna un Concello? Recordarlles que hai que esixirlles as contas pormenorizadas do Festival. Isto é un negocio redondo por parte de xente que vai lucindo unha estrela.”

Intervén a primeira tenente de alcalde, Dona Maria Jesús Novo Gómez para contestar que “ ¿En anos anteriores se lles pediu todo iso? En canto ao churrasco, Rebeca recomendounos non incluír este ano o churrasco.”

A continuación o Sr. Alcalde dálle a palabra ao concelleiro do grupo municipal BNG, D. Xosé Luís Rivas Cruz, que continúa coas preguntas:

“¿ O autobús do Concelo por qué non saíu do garaxe?

¿ Sabían que nin se dignaron a poñer algo no escenario que recordase que tiñamos un problema co leite? O festival da Luz non foi capaz de levantar unha uña a favor dos gandeiros, unha pancarta, unha canción, un detalle...”

Contesta á pregunta a primeira tenente de alcalde, Dona Maria Jesús Novo Gómez “ Porque xa se había feito así en anos anteriores. Nós collemos isto moi avanzado”

Intervén o Sr. Alcalde” Sobre iso, estou pensando que ti podías facer algunha suxerencia á organización do Festival”.

A continuación o Sr. Alcalde dálle a palabra á concelleira do grupo municipal do PSDG-PSOE Dona Sandra Sánchez Íñiguez que intervén para afirmar que “ Chamoume Mini e díxome que había gandeiros que querían repartir leite. Farruco dixo que non dentro, pero que podían repartila fóra.Eu estou no punto intermedio, comprendo aos gandeiros pero tamén comprendo a situación da organización, podíase facer de modo didáctico como talleres de queixo para nenos, ademáis, o gandeiro co que falei o entendeu perfectamente, o único que non o entendiches, Mini, foches ti”

A continuación o Sr. Alcalde dálle a palabra ao concelleiro do grupo municipal BNG, D. Xosé Luís Rivas Cruz que continúa coas preguntas:

“Eu creo que estivemos os días 15 e 16 de setembro sen médico neste Concello ¿ É certo?

O Sr. Alcalde contesta que o médico estivo enfermo eses días con amigdalitis.”

A primeira tenente de alcalde Dona Maria Jesús Novo afirma que o servizo estivo cuberto.

A continuación o Sr. Alcalde dálle a palabra ao concelleiro do grupo municipal BNG, D. Xosé Luís Rivas Cruz que continúa coas preguntas:

“¿ Qué vai ser da residencia? Tende coidado con afogar á residencia porque imos a por vós. Coidade a residencia, mimade a residencia.”

A continuación o Sr. Alcalde dálle a palabra á concelleira do grupo municipal do BNG, Dona Raquel Val Vázquez que pregunta: “¿ Canto lle costa ao Concello o campo de fútbol?”

Sr. Alcalde contesta que nada.

Continúa a concelleira do grupo municipal do BNG, Dona Raquel Val Vázquez, e roga que “En caixabank e BBVA cóbrase dous euros de comisión. Os caixeiros cobran comisión. Solicitamos que se poida adoptar algunha medida como a suba da tasa.”

A continuación o Sr. Alcalde dálle a palabra ao concelleiro do grupo municipal BNG, D. Xosé Luís Rivas Cruz que roga que está pendente a Ordenanza de depuración de lodos, hai que facela.

A continuación o Sr. Alcalde dálle a palabra ao concelleiro do grupo municipal BNG, D. Xosé Luís Rivas Cruz que continúa coas preguntas: “¿ Hai algún problema que solucionar en Froxá antes que as augas lle innunden a casa a algún cidadá? ¿ Poderíanme explicar por qué Marisa a traballadora da gardería volveu a traballar?”

A primeira tenente de alcalde Dona María Jesús Novo contesta que non lle deron a baixa.

A continuación o Sr. Alcalde dálle a palabra á concelleira do grupo municipal do PSDG-PSOE Dona Ana Ledo Fernández que manifesta queixas sobre a existencia nas corredeiras de escombros, ladrillos, electrodomésticos, que non son responsabilidade do Concello pero dan mal efecto aos camiños, rogando se solucione.

A continuación o Sr. Alcalde dálle a palabra á concelleira do grupo municipal do PSDG-PSOE Dona Ana Ledo que formula as seguintes preguntas: “¿ Existen pistas asfaltadas ás que non se lle pasou a desbrozadora. Se non se van a limpar cómo se vai a xustificar a subvención, as hectáreas para ás que se concediu? ¿ Se se aceptou o contrato dos escenarios tal e como estaba redactado, se non se fixo modificación, isto tivo consecuencias para o Concello? ¿ O Concello ten xuíz de Paz?”

A continuación contesta o Sr. Alcalde “ O temporal tirou a carpa igú e teñen un seguro, estase a facer unha peritación da que estamos á espera. A ver qué é o que nos trasladan as compañías aseguradoras. O Concello ten substituto xuíz de Paz”.

A continuación o Sr. Alcalde dálle a palabra á concelleira do grupo municipal do PSDG-PSOE Dona Ana Ledo que continúa coas preguntas:” ¿ Qué van a facer coa RPT visto que faltan tres meses para que acabe o ano ¿ Na residencia a persoa encargada da dirección segue sendo a mesma? ¿ Quén exerce a dirección “in situ” na residencia os festivos e fines de semana?”

Contesta o Sr. Alcalde “Sí, a actual directora está comprometida para seguir levando a dirección”.

A continuación o Sr. Alcalde dálle a palabra á concelleira do grupo municipal do PSDG-PSOE Dona Ana Ledo que roga que os contedores que emiten mal cheiro habería que limpialos.

A continuación o Sr. Alcalde dálle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG Don José Luis Rivas Cruz que roga que as barandas de ponte brates se arranxen e que o Concello se poña de acordo con Frades

Continúa este concelleiro preguntando polo churrasco, a quen se lle deu. Resposta a primeira tenente de alcalde Dona María Jesús Novo que fixo o que Rebeca a secretaria lles recomendou

A continuación o Sr. Alcalde dálle a palabra a concelleira do grupo municipal do PSDG-PSOE Dona Ana Ledo que pregunta se houbo problema co parking do Concello. Contesta á pregunta a primeira tenente de alcalde Dona María Jesús Novo dicindo que non.

A continuación o Sr. Alcalde dálle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG Don José Luis Rivas Cruz que pregunta se houbo un brote de gastroinyeriti na residencia. Resposta a primeira tenente de alcalde Dona María Jesús Novo dicindo que sí tiña constancia.

A continuación a primeira tenente de alcalde Dona María Jesús Novo continúa sinalando que no caso do colexio de Boimorto non se entende como o concelleiro do BNG Don José Luis Rivas Cruz non fixo nada sendo profesor e concelleiro, cómo non se gastou nada. Hai que pintar o colexio.

O Alcalde dálle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José Luis Rivas Cruz que resposta que “ Fun concelleiro de Educación e estiven loitando para que se cubrise

parte do patio, para que os nenos non pasaran frío, A pintura non é unha obriga do Concello senón antes o mantemento doutras cousas como a fontanería, que se algún día hai un escape, non se sabe onde se ubican as tuberías.

A continuación o Sr. Alcalde dálle a palabra a concelleira do grupo municipal do PSDG-PSOE Dona Ana Ledo que afirma que as grandes esferas cando ela era alcaldesa sinalaban que para solventar os problemas de frío e deficiencias nas aulas o mellor era facer recintos máis pequenos. Responde o Sr. Alcalde e sinala que se fará todo o posible no colexio de Boimorto para mellorar as condicións, e tras a intervención cruzada de varios concelleiros do BNG, PP e PSDG-PSOE, solicita orde, e dálle a palabra á concelleira do grupo municipal PSDG-PSOE, Dona Sandra Sandra Sánchez Íñiguez, que formula a pregunta de se a piscina pechou, O Alcalde resposta que este fin de semana será o último. Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 21:20 minutos do expresado día. Autorízase a presente actuar coa sinatura do alcalde-presidente e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE,

A SECRETARIA,

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello

día 24 de setembro de 2015, está transcrita nos folios da Serie A do nº 3070600 ao nº 3070605

A SECRETARIA,